

## A cultura nunha nova sociedade

*Xosé López García*

A entrada do novo século veu asociada a unha serie de transformacións que están a mudar cualitativamente as nosas sociedades. Aínda que algúns destes cambios veñen de moi atrás, o certo é que a súa extensión e profundidade están a variar substancialmente o contexto en que operan os axentes culturais, modificando o propio fenómeno cultural e o que se entende por cultura, o seu significado para as persoas e as colectividades.

### **O novo protagonismo da cultura na sociedade da información e do coñecemento**

As tecnoloxías da información e da comunicación están mudando de xeito importante o fenómeno cultural, desde a creación ou a produción ata a circulación e o consumo cultural; afecta a case todos os sectores da cultura e as súas diversas funcións. Estes cambios non implican en moitos casos un abandono das formas previas, superpóñense e vanse hibridando co coñecido, emerxen campos novos –como a cultura dixital– e os consolidados van mudando de formas diversas. A sociedade da información vai máis aló do plano tecnolóxico, os novos medios multiplican os papeis activos dos individuos e das colectividades, e transfórmanse tamén as relacións entre as persoas. A sociedade-rede implica un reto para a cultura galega cheo de ameazas e oportunidades:

*A sociedade da información como fiestra de oportunidade para a cultura galega.* De que xeito a cultura galega debe operar neste novo contexto? Como facer que estas transformacións na sociedade e na cultura sexan unha fonte de desenvolvemento humano, de forma que repercutan na mellora da calidade de vida das galegas e galegos?

*A cultura como xerador de contidos na sociedade do coñecemento.* Cal é o papel da cultura no novo contexto?; como pode acadar unha nova centralidade en canto xerador de contidos na sociedade do coñecemento?

### **Democracia cultural e gobernanza**

As institucións internacionais promoven a idea da democracia cultural, o que significa a universalización do acceso pero tamén a asignación dun papel activo aos públicos, os cidadáns e cidadás son participantes da cultura e non simples receptores. Por outra parte, a cultura ten un valor intrínseco que pode contribuír a ampliar as capacidades humanas e as posibilidades de elección, e ser tamén un factor de cohesión social; isto fai que se aprecie como un ben público que cómpre promover. En paralelo, a idea de gobernanza tamén se basea nunha concepción activa da cidadanía e

sociedade civil, facendo fincapé na cooperación entre os poderes públicos e os diversos axentes (públicos, privados e sociais) para o desenvolvemento cultural. Retos:

*Estratexias de democracia cultural.* Como repensar a cultura e as súas relacións coa sociedade?; que estratexias habería que desenvolver para implicar de xeito activo o conxunto da cidadanía e as súas diferentes expresións culturais?

*Gobernanza da cultura.* Cal debe ser o papel dos poderes públicos e das políticas culturais?; que medidas de planificación, seguimento e avaliación se deben desenvolver para atender mellor os obxectivos sociais (eficacia) e aproveitar mellor os recursos (eficiencia)?; cal é o papel que deben desempeñar os diferentes axentes da cultura (públicos, privados e sociais)?; que tipo de relacións deben establecerse entre eles e como poden cooperar entre si.

### **Activo para o desenvolvemento da economía e a sociedade galega**

A importancia da cultura como factor de desenvolvemento apréciase no crecente peso en canto sector económico: en termos de PIB, polo seu carácter tractor, ou pola potencialidade para xerar emprego de calidade. A relevancia das industrias culturais vai introducindo a consideración do gasto cultural como investimento. A cultura desempeña un papel na economía do coñecemento definida na Estratexia de Lisboa, en canto xerador de contidos e en canto promotor da creatividade, factor clave na innovación social e económica. A cultura é ademais un activo estimable para o conxunto da sociedade, ao engadir valor aos recursos propios en diversos campos. Retos:

*O valor da industria cultural.* Como pode desenvolverse un sector cultural que sexa un motor de desenvolvemento económico?; como facer que a sociedade aprecie a importancia da cultura na nova economía, e o seu valor de investimento estratéxico?

*Activo de desenvolvemento.* En que medida a cultura pode ser un recurso para o desenvolvemento de Galicia?; de que xeito a creatividade cultural pode ser unha fonte de innovación social e económica?; como pode contribuír a cultura a outros sectores sociais: turismo, entretemento, ordenación territorial, integración social, industrias da moda, moble, alimentación, etc.?

### **Unha cultura aberta e conectada co mundo**

A mundialización foi esvaecendo algunhas das fronteiras que daban forma ao noso mundo ata hai pouco tempo, e van emerxendo outras. Os fluxos culturais xa non paran na maioría das aduanas e a diversidade cultural está presente na nosa vida cotiá. Os vínculos interculturais atenden tanto á relación con outras latitudes culturais como á presenza de comunidades culturais diversas na nosa sociedade, o que fai das relacións culturais un factor de convivencia. Por outra parte, as identidades culturais actúan como un intanxible valioso para operar nun mundo global; as relacións culturais exteriores poden ser un activo para que a sociedade galega se proxecte e interactúe no ámbito internacional. Retos:

*Conectividade internacional da cultura galega.* Como conectar a cultura galega co mundo desde unha concepción activa?; como se poden promover fluxos culturais internacionais de duplo sentido e facer que os nosos axentes culturais teñan un papel relevante nesas redes?

*Proxección exterior de Galicia.* De que xeito a cultura e a identidade cultural poden contribuír a unha estratexia para contar no mundo e relacionarse internacionalmente?; de que forma os vínculos de Galicia con outros territorios poden constituír un valor para a acción exterior galega?; como e para que debe promoverse a colaboración en rede coa comunidade galega exterior?

### **Identidade como desenvolvemento dunha comunidade cultural**

Unha parte da acción cultural pública dos gobernos europeos procura preservar un espazo para a produción e o consumo da súa comunidade cultural fronte a certas ameazas uniformadoras da globalización. A diversidade e a identidade cultural aprécianse como valores que salvagardar, e defínense estratexias de sostibilidade das comunidades culturais que evitan diluírse na indiferenciación global. As tendencias homoxeneizadoras tamén afectan ás lóxicas excluíntes dentro dos Estados que impiden desenvolver a pluralidade cultural no seu interior. Retos:

*Identidade como desenvolvemento humano.* Que significa e como se define a identidade cultural na sociedade da información?; para que lles serve aos galegos a cultura galega?; cal pode e debe ser a estratexia de sostibilidade de Galicia como comunidade cultural?

*Desenvolvemento dunha comunidade cultural.* Como facer da identidade cultural unha estratexia de adaptación dinámica aos novos contextos que amplían as opcións e melloran as capacidades das persoas?; como establecer diálogos e lazos culturais con outros ámbitos culturais de forma mutuamente enriquecedora?